



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DIA 25 DE XANEIRO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintecinco de xaneiro de dous mil dezaseis; as once da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dezaoto de xaneiro de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.--

OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS RIB/C/83.2/15.-

*Visto o escrito presentado por **Don Manuel Angel González Martínez**, con domicilio a efectos de notificación no Parque Empresarial de A Cañiza, Parcela 11A-A, A Cañiza, onde solicita Licenza de Obras para construción dunha vivenda unifamiliar na estrada da Veiga nº 8 (10), San Cristovo, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Don Enrique Otero González.*

Consta informe favorable da Arquitecta municipal de data 22 de xaneiro de 2016.

Consta informe do Secretario Municipal de data 25 de xaneiro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Conceder licencia a Don Manuel Angel González Martínez, para a construción dunha vivenda unifamiliar na estrada da Veiga nº 8 (10), San Cristovo.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.



De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: *O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.*

Caducidade: *A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.*

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: *Construcción de vivenda unifamiliar.*

Contía na que se orzan as obras: *141.009,37 €.*

Situación e emprazamento das obras: *Estrada da Veiga nº 8 (10), San Cristovo.*

Nome ou razón social do promotor: *Manuel Angel González Martínez.*

Director de Obra: *Don Enrique Otero González.*

Prazos: *O prazo de inicio das obras non poderá exceder de (6) meses e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.*

Liquidación do ICIO: *Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 141.009,37 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, por importe de 3.666,24 euros.*

Importe execución material / coste da obra:	141.009,37 €	
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	3.666,24 €	
Aboado por autoliquidación:	3.666,24 €	23-12-15
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	0,00 €	

OUTRAS CONDICIONS.-

-A obra executarase conforme ao PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A CONSTRUCIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR EN SAN CRISTOVO, redactados polo arquitecto Enrique Otero González.

-A conexión á rede de abastecemento e saneamento deberá executarse conforme o indicado no informe da empresa concesionaria Aqualia, do que se achega copia.

- A dirección de obra corresponderá a Enrique Otero González como arquitecto, e a dirección de execución material das obras e de coordinador de



seguridade e saúde durante a execución das obras por Dona Patricia Armada Iglesias, aparellador-arquitecto técnico.

- Segundo a planimetría do proxecto presentado, a superficie de terreos a ceder para o vial público de forma gratuíta polo promotor é de 0,50m².

- Dado que para a conexión á rede de saneamento deberase executar unha gabia para cruzala estrada, deberá depositar un aval polo importe de 430,00€ para garantir que ao remate das obras o vial quedará na mesma situación anterior ao inicio das obras, ademais de que o tramo entre o vial asfaltado e o cerre de parcela quede pavimentado unha vez rematada a obra.

Cando se vaia a executar dita conexión á rede de abastecemento o promotor deberá solicitar autorización para ocupación da vía pública, ANEXO 3. SOLICITUDE AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO da Ordenanza reguladora da intervención urbanística municipal en obras e actividades, BOP nº 19, 25 de xaneiro de 2015.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

CAMBIO TITULARIDADE DEREITO FUNERARIO

Visto o escrito presentado por **Don Manuel J. Juste Rodríguez**, con domicilio na avda. de Ribeiro nº 13, 4ºD, Ribadavia, no que solicita o cambio de titularidade de dereito funerario, sobre a sepultura terrena núm. 180T, do cemeterio municipal actualmente o nome de Sara Rodríguez Martínez, nai falecida do solicitante, a nome de Herdeiros de Sara Rodríguez Martínez, para o cál acompaña diversa documentación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda autorizar a tramisión do dereito do aproveitamento funerario sobre a sepultura terrena núm. 180T do cemeterio municipal a nome de Herdeiros de Sara Rodríguez Martínez, que deberá cumprir coas seguintes condicións:

1. Queda terminantemente prohibido o aluguer ou venda de nichos .
2. Non se autorizará ningunha inhumación ou exhumación en nichos a perpetuidade, sepultura construída, panteón ou mausoleo sen que se presente o oportuno permiso asinado polo titular do dereito de uso.
3. As cesións a perpetuidade, tanto de terreos para panteóns ou mausoleos, coma de nichos e sepulturas construídas, enténdense outorgadas por todo o tempo durante o cal se utilice o cemeterio, non tendo dereito os cesionarios a indemnización algunha, nin tampouco polas construcións, cando por calquera causa se clausurase o cemeterio.
4. Se o Concello, por reforma do cemeterio ou outra causa, distinta do acordo de clausura, suprimise algunha destas sepulturas perpetuas, asignará ao concesionario outro terreo en sitio distinto, con dereito a indemnización pola construción que deba desaloxar.
5. É obriga dos titulares do dereito de uso dos panteóns ou mausoleos, nichos e sepulturas construídas, o coidado das debidas condicións de hixiene, ornato e conservación.
6. Cando estas construcións fosen desatendidas dando lugar a que aparezan en estado de ruína ou abandono, co conseguinte perigo ou mal aspecto, o Concello poderá demolelas e retirar cantos atributos e obxectos se encontren na sepultura, trasladando



os restos que puidese conter ao osario común, sen que poida esixírselle indemnización algunha.

TROCO DE VEHICULO DE AUTOTAXI.-

“Visto o escrito de **Don Cesar Beldron dos Santos**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 69, 1ºE, desta Vila, no que prega o troco do vehículo matrícula 6515-GBP adscrito á licenza de autotaxi nº 3 por outro novo (Volvo V60), matrícula 4627-JLG, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que neste Concello non hai modelo homologado desta clase de vehículos, accede ó cambio interesado, polo cal, a partir de agora, a licenza nº3 de autotaxi, desenvolverase co vehículo matrícula 4627-JLG, causando baixa a tódolos efectos, o vehículo matrícula 76515-GBP, polo interesado deberán cumprirse tódalas dispoicións contidas nos Regulamentos Nacionais e Municipais e mesmo comprometerse a desenvolve-lo traballo da praza de taxi de xeito persoal”.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Axencia de Turismo de Galicia, comunicando inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas o establecemento denominado Café Bar A Terraza do Lois, sito na rúa San Martiño nº 34, baixo a nome de Don Luis Alberto Rodríguez Sulleiro.

- De Unión Fenosa Distribución, escrito relativo a reclamación do Concello sobre apoio próximo da edificación sita na rúa Lucia nº 36, esquina rúa Formigueira, Francelos.

- Da Unidade de Policía Adscrita a Comunidade Autónoma de Galicia, comunicando informe sobre inspección relativa a venda ambulante.

- Da Unidade de Policía Adscrita a Comunidade Autónoma de Galicia, comunicando informe sobre abandono de vehículo na estrada de Francelos nº 18.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

PETICION DE SUBVENCIONS.-

Orde do 23 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestructuras, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados a prestación de servizos municipais, destinadas os concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

O abeiro da Orde do 23 de decembro de 2015, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestructuras, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados a prestación de servizos municipais, destinadas os concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no



marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

UNICO.- Acollerse a devandita Orde solicitando a correspondente subvención, prestando aprobación o proxecto denominado “Mellora e adecuación de parques infantís dentro da Rede de C.R.A. Amencer”, por importe de 49.493,84 euros, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela”.

PETICION DE SUBVENCION.-

Orde do 21 de Decembro de 2015 de Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia competitiva e non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.-

Vista a Orde do 21 de decembro de 2015 de Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia competitiva e non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, e tendo en conta as bases recollidas nesta Resolución, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Solicitar subvención ao abeiro da Orde pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións do Fondo de Compensación Ambiental do ano 2016 para o proxecto denominado “Mellora da rede de Saneamento e da rede de abastecemento en San Cristovo”, cun orzamento total de 39.999,64 euros.

2º.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde de 21 de decembro de 2015 de Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvención para o ano 2016 a concellos de Galicia, na liña de concorrencia non competitiva e na liña de concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental.

3º.- Poñer a disposición os terreos onde se pretende realizar as actuacións que integran o proxecto para o cál solicitase a subvención.

LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:



1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de decembro 2015, por importe de 812,20 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, toma coñecemento da aprobación con data 31.12.2015, do expediente de xeración de créditos nº 13/15, de acordo co seguinte teor:

“XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº13/15.-

“Esta Alcaldía presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº13/15, por importe de 38.889,57 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as doce do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia